



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

AXUDAS PEL RURINNOVA XUVENTUDE EMPRENDEDORA. PROGRAMA OPERATIVO DE EMPREGO XUVENIL FONDO SOCIAL EUROPEO. DEPUTACION DA CORUÑA

A finalidade destas axudas PEL RURINNOVA é o fomento do autoemprego e a creación de empresas a través de accións e medidas dirixidas ao desenvolvemento de iniciativas empresariais da mocidade mediante o traballo autónomo, empadroados en concellos da provincia da Coruña

DESTINATARIOS: aquelas persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil que promovan iniciativas empresariais de nova creación incorporadas ao réxime de autónomos como persoas físicas ou como persoas xurídicas dende o 1 de abril de 2019.

As novas iniciativas empresariais han de contar cun modelo de negocio potenciador da economía verde, azul, circular ou ter implementadas medidas de desenvolvemento sustentable, integrantes do tecido empresarial local, e estar legalmente establecidas nos territorios rurais do ámbito de aplicación destas axudas.

REQUISITOS:

Estas axudas teñen como destinatarias ás persoas mozas menores de 30 anos, incluídas as persoas con discapacidade, non ocupadas e non integradas nos sistemas de educación ou formación, independentemente do seu nivel formativo que, inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, sexan promotoras de iniciativas empresariais, que:

a) Se incorporen ao Réxime Especial de Traballadores Autónomos (en adiante RETA) xa sexa como persoas físicas ou como persoas xurídicas dende o 1 de abril de 2019.

b) No caso de alta no RETA como persoa xurídica e sendo ésta (a persoa xurídica) a solicitante da axuda, so poderá incluír na súa solicitude as altas no RETA de persoas mozas socias que cumpran os requisitos especificados neste apartado.

c) No momento da solicitude desta axuda, as persoas teñen que ter unha **idade comprendida entre os 16 e os 29 anos (ambos incluídos)**. Unha vez cumpridos 30 anos, poderán ser destinatarias da axuda se a solicitan antes de que transcorran 4 meses. No caso de que unha persoa cumpra os 30 anos e 4 meses mentres participe nas actuacións do proxecto, poderá manter a súa participación.

d) Estar **inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil** de xeito previo á alta no RETA. As persoas que non foran debidamente inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil antes de cumprir os 30 anos non serían elixibles.

e) Estar empadroadas en calquera localidade dos territorios rurais obxecto desta axuda e residir durante todo o período de vixencia da subvención en algún dos 64 municipios.

f) Establecer o domicilio fiscal e/ou centro de traballo nun concello da provincia da Coruña de menos de 5.000 habitantes ou de entre 5.001 e 10.000 habitantes con saldo demográfico negativo.

g) Admítese o teletraballo ou a existencia dun centro de traballo itinerante, tendo en conta sempre que a persoa moza autónoma resida nun dos concellos incluídos no ámbito do proxecto.

h) Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias en relación coa Lei Xeral de Subvencións.

i) Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social en relación coa la Lei Xeral de Subvencións.

j) Estar ao corrente nas súas obrigas tributarias coa Deputación da Coruña.

k) Presentar o proxecto empresarial e recibir unha valoración favorable por parte da Deputación da Coruña.

Subvencionarásese a incorporación ao Réxime Especial de Traballadores Autónomos (en adiante RETA) de cada persoa moza, xa sexa como persoa física ou como persoa xurídica, a través da creación dunha nova iniciativa empresarial.

A contía da axuda a recibir pola alta como traballador/a autónomo/a xove será igual ao resultado de multiplicar o Salario Mínimo Interprofesional (SMI) do ano vixente por 0,75 e polo número de meses que o mozo ou moza estando de alta no réxime de autónomos, soliciten e xustifiquen, sendo sempre este período temporal superior a 6 meses.

No caso de persoa xurídica o número máximo de altas a subvencionar será de 3 persoas

Unicamente serán subvencionadas as altas realizadas entre o 1 de abril de 2019 e as iniciadas ata un máximo dun mes, a contar desde a data de publicación da convocatoria destas subvencións no Boletín Oficial da Provincia

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES. DENDE O DÍA 5/8/2020 ATA O DÍA 31/8/2020.

As persoas mozas interesadas en participar na convocatoria de axudas PEL RURINNOVA deberán comunicar a súa vontade de adhesión á mesma rexistrándose, se non o estiveran, na plataforma telemática SUBtel (acceso dende a páxina web www.dacoruna.gal) mediante a sinatura electrónica da persoa representante legal e, cumprimentando os campos da solicitude do apartado correspondente á convocatoria PEL RURINNOVA